

A desigualdade na industria audiovisual continúa na «era do streaming»

REDACCIÓN

PONTEVEDRA. A consolidación das plataformas de vídeo baixo demanda supuxo nos últimos anos un crecemento «constante e exponencial» da produción audiovisual, «xerando unha situación de emprego sen precedentes» nesta industria. Non obstante, «este aumento das oportunidades laborais non contribuíu a mellorar a presencialidade das mulleres no sector». Esta é unha das principais conclusións do proxecto de investigación Estudio del impacto de las plataformas streaming sobre el papel de la mujer en la industria audiovisual española y en sus contenidos, coordinado pola Universitat Jaume I (UJI) e no que participou a investigadora e decana da Facultade de Comunicación, Emma Torres, segundo informa o Duvi da Uvigo.

Financiado pola Generalitat Valenciana e centrado en abordar a situación das profesionais na industria do streaming, este proxecto abrangueu a análise das producións realizadas en España polas plataformas Netflix, HBO

A Universidade de Vigo participou nun estudo sobre a presenza de mulleres nas producións destas plataformas

Max e Amazon Prime Video entre 2015 e 2022, nas que só o 35% das profesionais participantes eran mulleres. Estas desigualdades fanse así mesmo máis patentes en áreas como a dirección, asumida por homes no 81% dos produtos analizados, e en postos como a dirección de fotografía, nas que as mulleres só representan só 7% dos profesionais. Así mesmo, os resultados deste estudo amosan que os homes representan o 68% dos traballadores das producións do xénero documental realizadas por estas plataformas, só dirixidas por mulleres no 18% dos casos.

Coordinado pola investigadora Jéssica Izquierdo, responsable do Observatorio de Contidos e Plataformas Mediáticas da UJI, os resultados deste proxecto recóllense tanto nun informe, como no libro *Mujeres en streaming. Especialización, liderazgo y representación*, así como na web do proxecto. Esta recolle tamén artigos como como *Mujeres en la industria documental*. La desigualdad continúa en la era del streaming, no que Izquierdo y Torres subliñan «que as bases» para acadar melloras neste eido «teñen as súas raíces en cuestións educativas e formativas, pero tamén en políticas de xestión das produtoras e na busca real de discursos creativos femininos».

No marco da súa liña de traballo sobre a representación da mu-



Emma Torres. DUVI/UVIGO

ller no audiovisual, un dos traballos desenvolvidos por Torres no marco deste proxecto foi tratar de «sistematizar unha clasificación de representacións femininas» nas producións audiovisuais. Nese senso, ademais do estudo do grao de representación das profesionais nos produtos destas plataformas, outro dos resultados

deste proxecto foi o deseño dun modelo de clasificación «de roles e estereotipos» na representación das mulleres en contidos audiovisuais, tendo en conta «como se representa a nivel visual, se ten un nesgo positivo ou negativo, que papel xoga, cal é o seu rol dentro da trama...», explica esta investigadora.